



DON JOAQUÍN MARTÍNEZ CUBERO, SECRETARIO XERAL DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL,

CERTIFICA: Que o pleno da Mancomunidade, en sesión celebrada o 11/09/2023, adoptou entre outros o seguinte acordo:

«8. Adecuación dos conceptos retributivos da xerencia.

Examinada a proposta que eleva o presidente da Mancomunidade e que literalmente transcrita di:

“Ao Pleno

PROPOSTA DE MODIFICACION DO ANEXO DE PERSOAL 2023, MEDIANTE ADECUACION DOS CONCEPTOS RETRIBUTIVOS DO POSTO DE XERENTE

En data 01/09/2022 a Presidencia da Mancomunidade aprobou as bases específicas reguladoras do proceso de selección de estabilización para cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral do grupo I xerente, polo procedemento de concurso, cuxa convocatoria se publicou no BOP nº 173 do 12 de setembro de 2022.

De acordo con estas bases, o 23/03/2023 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo resolveu propoñer o nomeamento de D. Luis Alcalá Baillie para esta praza.

En data 3/04/2023 o presidente da Mancomunidade nomeou a D. Luis Alcalá Baillie, DNI 53300205M, persoal laboral fixo do grupo I xerente, que tomou posesión do posto en data 28/04/2023.

No contrato asinado en data 25 de abril de 2023, cláusula cuarta recolléñse as retribucións anuais a percibir por contía de 39.728,89 euros anuais a distribuír nos seguintes conceptos salariais: “Salario base a pagar en 12 pagas ordinarias e dúas pagas extraordinarias”

Conforme co disposto no artigo do 168. 2 do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 18, apartados 1 e 2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, trasládalle ao Pleno da Mancomunidade para que aprobe, se procede, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do anexo de persoal 2023, mediante adecuación dos conceptos retributivos do posto de xerente, quedando como segue

Persoal laboral directivo		
Concepto	Custo anual	Pagas
Soldo base	39.728,89	2.837,78
Total partida 00. 912.101.00	39.728,89	



SEGUNDO.- Expoñer ao público dito acordo durante o prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e o taboleiro de anuncios, a efectos de que os interesados podan presentar as reclamacións que consideren oportunas.

QUINTO.- Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de non presentarse ningunha reclamación durante o prazo de exposición ao público.”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita.»

E para que conste aos efectos oportunos, expido o presente certificado co visto e praxe do Presidente da Mancomunidade, coa salvedade que establece o artigo 206 do *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.*

Ferrol, na data da sinatura electrónica,

O Secretario,

Joaquín Martínez Cubero

Vº e praxe, o Presidente,

José Manuel Rey Varela